**Procedemento e datos de contacto para solicitar asistencia informática no Ámbito Xurídico-Social e Humanidades:**

Como se indica nas páxinas dos Servizos Informáticos da Universidade de Vigo https://www.uvigo.gal/uvigo_es/administracion/atic/ e da vicerreitoría https://vicplan.uvigo.es/vicplan_es/atic/ os efectivos destinados á esta facultade son os seguintes.

| Situación | Teléfono | Horario | Enderezo electrónico |
|---|---|---|---|
| **Vigo** | | | |
| Biblioteca central | 986 812668 (FAX:986812257) | De 8:30 a 20:30 | saum@uvigo.es |
| **Vigo, Ámbito Xurídico, Social, Humanidades** | | | |
| Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales | 986 818719 | De 8:30 a 14:30 | saum-xsh@uvigo.es |

Compre sinalar que a atención específica para o ámbito que eu presto so está dispoñible en horario de mañá, mentres que en horario de tarde estaría ó seu dispor o servizo xeral para o campus de Vigo (primeira entrada da táboa)

O **procedemento para solicitar asistencia** ten as seguintes **vías principais**:

1. Mediante unha chamada de teléfono do interesado ós teléfono 986818719 ou 647343017.
2. Mediante un correo electrónico a saum-xsh@uvigo.es, detallando suficientemente a avaría ou incidencia, e deixando os datos de contacto necesarios para situala e contactar co usuario.
3. Mediante o sistema de xestión de incidencias que se atopa na páxina web http://saum-xsh.webs.uvigo.es
4. Mediante chamada ou correo ós SAUM central ó 986812668 ou correo a saum@uvigo.es

En calquera destes casos inmediatamente se procede á creación dun Ticket ou **solicitude de servizo**, que se valora e encola axeitadamente para dar cumprimento ós criterios establecidos de asignación de prioridade, e resolvelo coa maior rapidez e calidade posible, coa orde precisa.

Que dúbida cabe que nos gustaría poder atender a tódolos usuarios en todo momento de forma inmediata, pero esa visión non é realista e precisamos de seguir un sistema de ordenación do traballo con colas de prioridade que valoren a urxencia e o impacto.

Os efectivos dos servizos informáticos destinados no ámbito contan só con unha persoa para as tres facultades. Debe atender as súas instalacións docentes e infraestruturas de telecomunicacións e microinformáticas, e dar soporte e atender a PAS, PDI, Equipos Decanais, etc.